

A Xunta comprométese a colaborar na mellora de infraestruturas de Río do Pozo

A mellora das infraestruturas no polígono industrial de Río do Pozo é unha tarefa que, desde hai varios meses, implica tanto á administración local e autonómica e ao colectivo empresarial da zona como ao propio Ministerio de Vivenda (a través da Sepes). O pasado venres, o delegado territorial da Xunta na Coruña reuniuse con persoal da directiva da Asociación de Empresarios Río do Pozo de Narón (ARPE) e coa concelleira de Promoción Económica e Polígonos Industriais, Ángeles Díaz. Na convocatoria, segundo se apuntou onte desde a delegación territorial da Xunta, os representantes dos empresarios trasladáronlle a Diego Calvo unha serie de demandas relacionadas coa mellora de infraestruturas do polígono industrial de Río do Pozo, poñendo sobre a mesa unha serie de proxectos xa en marcha.

A ordenación e sinalización do mencionado parque empresarial foi un dos asuntos abordados na xuntanza. Ao respecto, a Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF) ten elaborado un estudo -pendente de presentar no Concello- para a súa posible análise e execución. O traballo materializouse coa colaboración da delegación provincial de Industria e do Concello de Narón - que aportaron unha serie de partidas económicas- e consta de tres informes de ordenación e sinalización e un de seguridade. Foron os tres primeiros os que serviron de base á Asociación de Empresarios Río do Pozo para continuar avanzando na proposta.

Os representantes desta última entidade decidiron presentar xa o estudo previo na Xunta e requerirle financiación tan só para a execución do mesmo, tras chegar a un acordo con AEF para realizar as pertinentes xestións.

Persoal da xunta directiva da Asociación de Empresarios Río do Pozo asegura que é necesario “poñer en valor o polígono” e estima que os gastos necesarios para materializar o proxecto de sinalización rondan os 110.000 euros.

Así mesmo, na reunión con Diego Calvo incidiuse na necesidade de mellorar as infraestruturas de comunicación de Río do Pozo. Ao respecto, desde a entidade afirman que a empresa de telecomunicacións R xa comezou a cablear o polígono, atendendo así unha das vellas demandas dos empresarios. A creación dunha oficina de xestión dos servizos empresariais é outra das propostas impulsadas polo colectivo.

O máximo representante autonómico na provincia comprometeuse a buscar o apoio necesario na potenciación do polígono e amosou a súa disposición a colaborar nos proxectos que lle presentaron.